

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 18 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 25 de novembro de 2019 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible para a concesión de axudas para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17, punto 1.b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario á que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

En consecuencia,

RESOLVO:

Ordenar a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, das axudas concedidas con cargo á Orde do 25 de novembro de 2019 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible para a concesión de axudas para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO

1. Finalidade: axudas a proxectos colectivos que contribúan á conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.



2. Financiamento: aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, proxecto contable 201600293, cofinanciada nun 75 % polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e o 25 % pola comunidade autónoma.

3. Beneficiarios e axudas concedidas:

Clave	CIF	Solicitante	Anualidade 2020	Anualidade 2021	Importe proposto total
PE209B_2020_001	G15037401	Confraría de pescadores da Pobra do Caramiñal	15.300,00 €	0,00 €	15.300,00 €
PE209B_2020_003	G15043953	Confraría de pescadores de Cabo de Cruz	47.190,00 €	122.741,40 €	169.931,40 €
PE209B_2020_004	G36015212	Confraría de pescadores de Moaña	5.856,00 €	0,00 €	5.856,00 €
PE209B_2020_005	G15036031	Confraría de pescadores da Coruña	14.162,38 €	0,00 €	14.162,38 €
PE209B_2020_006	G36293272	Confraría de pescadores de Vilaboa	35.235,00 €	0,00 €	35.235,00 €
PE209B_2020_007	G36012813	Confraría de pescadores de Carril	21.640,00 €	21.000,00 €	42.640,00 €
PE209B_2020_008	G36012813	Confraría de pescadores de Carril	51.110,00 €	19.110,00 €	70.220,00 €
PE209B_2020_010	G36014744	Confraría de pescadores do Grove	19.700,00 €	14.900,00 €	34.600,00 €
PE209B_2020_011	G36012821	Confraría de pescadores de Arcade	2.968,46 €	8.010,00 €	10.978,46 €
PE209B_2020_013	F36010916	Confraría de pescadores de Redondela	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €
PE209B_2020_014	G15032642	Confraría de pescadores de Rianxo	46.311,50 €	55.438,50 €	101.750,00 €
PE209B_2020_015	G15033103	Confraría de pescadores de Camariñas	29.000,00 €	0,00 €	29.000,00 €
PE209B_2020_016	G94126034	A.M.F. Ría de Vigo	4.920,00 €	127.205,00 €	132.125,00 €
PE209B_2020_017	G94126034	A.M.F. Ría de Vigo	4.360,00 €	96.345,00 €	100.705,00 €
PE209B_2020_018	G36619252	Confraría de pescadores de Vigo	1.800,00 €	3.600,00 €	5.400,00 €
PE209B_2020_020	G15037401	Confraría de pescadores da Pobra do Caramiñal	19.800,00 €	0,00 €	19.800,00 €
PE209B_2020_021	G36014744	Confraría de pescadores do Grove	30.000,00 €	30.000,00 €	60.000,00 €

